



# BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

## Concello de Vedra

Novembro 2025 • Nº 305

En novembro  
e todo o ano...

Vedra contra as violencias!!!



### NOVIEMBRE

| L  | M  | MC | X  | V  | S  | D  |
|----|----|----|----|----|----|----|
|    |    |    |    |    | 1  | 2  |
| 3  | 4  | 5  | 6  | 7  | 8  | 9  |
| 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 |
| 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 |
| 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 |

#### UNHA NOVA SECCIÓN: “VEDRA POLO MUNDO” CHEGARÁ NO 2026 AO BOLETÍN

■ Cada mes contaremos a historia de alguén de Vedra que vive, estuda, traballa, fóra do noso país.

Para iso precisamos a túa colaboración!

Se es unha ou un deses casos; ou coñeces a alguén...escríbenos a [cultura@concellodevedra.gal](mailto:cultura@concellodevedra.gal) ou envía un whatsapp ao 663 893 398.

Deste xeito chegaremos a máis casos e poderemos ser máis plurais!!



#### HOMENAXE A CARLOS J. MÉNDEZ LOSADA-ABALO SECRETARIO MUNICIPAL EN VEDRA MÁIS DE 30 ANOS

■ **Data:** sábado 29 de novembro ás 12:00 h.  
**Lugar:** Centro Sociocultural de Vedra.

Será un evento aberto ao público en xeral para entregar a medalla de ouro a quen dedicou máis de 30 anos á secretaría municipal do noso concello.

#### REPARACIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA

■ Se detectas algunha anomalía na iluminación pública municipal chama ao 699 304 702 para así poder arranxala. LEMBRA que o alumeado é led e está programado, polo que o cambio horario recentemente estreado pode implicar certos desaxustes neste sistema.

## SABÍAS QUE...

■ **SABES COMO PRESENTAR A TÚA RECLAMACIÓN NO TRANSPORTE METROPOLITANO?** Repasamos as catro maneiras posibles:

**1º.-** En primeiro lugar, *os autobuses teñen a obriga de ter unha folia de reclamacións podendo deixar constancia nela a queixa.*

Que pasa se non a teñen? Pois aparte de que é un feito que se pode denunciar e sancionar, na Estación de Autobuses na oficina de Monbus

igualmente teñen a obriga de telo e poder deixar alí a nosa reclamación.

**2º.-** Tamén *podemos e debemos poñer a reclamación directamente en Mobilidade* a través do enderezo electrónico: [mobilidade.coruna@xunta.gal](mailto:mobilidade.coruna@xunta.gal)

Esta maneira ten a vantaxe de que Mobilidade é coñecedora de primeira man dos feitos e de forma inmediata da reclamación. É importante poñer sempre o día, a liña e a frecuencia onde se produce a inciden-

cia (por exemplo: “liña Cruce de Sarandón-Santiago”, 1 de outubro, na liña das 15:30 horas).

**3º.-** Igualmente *a través do rexistro do Concello ou do rexistro xeral da Xunta da Galicia*, utilizando o modelo xenérico PR004A.

**4º.-** En último lugar, as operadoras tamén teñen as súas caixas de correos ou correos electrónicos de reclamacións, pero aconsellamos utilizar previamente os anteriores medios.



## ASÍ FOI MUNICIPAL



Participación de Vedra nos actos do 45º aniversario da FEMP.




Proxección do documental Navíos e Folerpas Levame a Idea, subvencionada pola Deputación da Coruña.



Curso Tic Rural de Capacitación Dixital.



Inauguración da exposición Rafael Macías Galán.



Presentación do libro "El Silencio de las Jacarandas" de Inmaculada Lergo.



Presentación do libro e obra de Josefina Campaña López "Ondas do Mar".



Presencia de Vedra nos actos na honra do Día do Pilar.



Encontro de Avaliación Voluntariado Interxeracional.




Encontro de Avaliación do Voluntariado Xuvenil.



Encontro Formativo do Voluntariado Senior.



Presentación do Proxecto Arqueolóxico San Xoán da Cova.



Vedra no Encontro de Cultura e Cidadanía celebrado en Barcelona.

## ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Iniciativa Xove Algo Noso de ACUXUVE.



Excursión da Asociación O Burgo de Vedra á Costa do Sol.



Charla informativa da Asociación Defensa da Ulla Verde.



Curso Comunicación Ambiental da Asociación AMABUL.



Xornadas Micolóxicas Cogomelar da Asociación AMABUL.



Pasabodeghiñas 2025. Asociación Cultural San Campio.



Pasabodehas 2025. Espazo Activo da Ulla.



A irmandade "Castelo Conta e o Pasabodeghas".  
Asociación Cultural San Campio.



Ruta Ghaiteira, Asociación Cultural San Campio.

## De Interese

### RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS A DOMICILIO

■ Chama ao 981 814 612 e solicita que pasen a recoller os teus refugallos voluminosos.

Trátase dun servizo gratuíto que se desenvolve por orde de solicitudes e que depende do número de pedidos, polo que non sempre é inmediato.

### PUNTO LIMPO

■ Podes deixar o refugallo que non pode ir nos colectores no noso punto limpo situado o lugar de Fornelos, Vedra.

- Os martes de 09:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 h.
- Os sábados de 09:00 a 14:00 h.



## XULGADO DE PAZ

■ **ATENCIÓN AO PÚBLICO EXCLUSIVAMENTE OS MARTES e XOVES.**

Consultas telefónicas tamén os martes e xoves no número 981 502 305.

**HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO DE 10:00 A 13:00 HORAS.**

Enderezo electrónico: [registrocivil.vedra@xustiza.gal](mailto:registrocivil.vedra@xustiza.gal)

## INFORMACIÓN DE CATASTRO EN VEDRA

■ Data para este servizo gratuíto polo que aposta o Concello de Vedra:

• **NO MES DE NOVIEMBRE: O MARTES 18.**

Obrigatorio asistir con reserva de cita no teléfono 981 814 612 (en horario de 9:00 a 14:00 h).

**IMPORTANTE:** Só se darán citas para asuntos relacionados con bens catastrais dentro do termo municipal.

## Cultura

### OS BOLECHAS VEÑEN A VEDRA: "A MULLER ORQUESTRA" O VENRES 7 DE NOVIEMBRE

■ Chega a Vedra grazas ao Programa de Dinamización Lingüística "FalaRedes" este espectáculo familiar dos Bolechas que fará as delicias do público mesturando teatro e música en galego!!

O venres 7 de novembro ás 18:00 h. no Centro Sociocultural de Vedra.



### EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA "A PARROQUIA SEMPRE" DO 2 AO 15 DE NOVIEMBRE NO CENTRO SOCIOCULTURAL DE VEDRA

■ Inauguración o domingo 2 de novembro ás 12 horas desta Memoria Gráfica das Xentes de Agolada (1950-1960) de Jesús Faílde Oro.

Unha iniciativa que conta coa colaboración do Consello da Cultura Galega.



**Exposición fotográfica  
A PARROQUIA PARA SEMPRE  
Jesús Faílde Oro**

**MEMORIA GRÁFICA DAS XENTES DE AGOLADA  
(1950-1960)**



**DO 2 AO 15 DE NOVIEMBRE DE 2025**

**Centro Sociocultural de Vedra**

Inauguración domingo 2 de novembro ás 12:00 h.





## A XANELA DA LINGUA...

### QUERES LER EN GALEGO??

■ Podes facelo de xeito gratuíto e sempre que queiras grazas á Rede de Bibliotecas de Galicia, creada para desenvolver e planificar a oferta bibliotecaria pública.

As máis de 300 bibliotecas integradas na Rede comparten un catálogo único e prestan servizos indistintamente a calquera persoa que dispoña do carné de biblioteca de calquera das que forman parte dela.

Podes consultar o directorio de bibliotecas, o seu catálogo e toda a información de interese a través da páxina <https://rbgalicia.xunta.gal/>

A dirección e coordinación de Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia é responsabilidade da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.



Tamén podes botarlle un ollo aos títulos máis vendidos na nosa lingua na páxina <https://libraria.xunta.gal/gl/mais-vendidos>

## Centro de Emprendemento “A Estación”



### PROGRAMA DAS XORNADAS DE FORMACIÓN PARA NOVEMBRO...

■ **Martes 4 de novembro ás 20:00 horas:**

**FERRAMENTAS DIXITAIS PARA MELLORAR A TÚA ACTIVIDADE**

O Centro de Emprendemento **A Estación de Vedra** organiza unha xornada práctica para descubrir e aprender a usar ferramentas dixitais gratuítas ou de baixo custo que axudan a mellorar a **xestión, a creatividade e a comunicación** de calquera proxecto ou negocio.

Durante a sesión exploraranse varias aplicacións con exercicios reais para que poidas **aplicar os coñecementos desde o primeiro día**.

Esta actividade está pensada tanto para o **tecido empresarial local**, como para **emprendedores/as, persoas que pensan iniciar un proxecto** e mesmo **estudantes** que queiran mellorar a súa produtividade.

Se queres **organizar mellor o teu tempo, deseñar contidos atractivos e dar máis vida ás túas redes sociais**, esta xornada é para ti.



■ **Martes 18 de novembro ás 20:00 horas.**

**AUTOAVALIACIÓN DO TEU NEGOCIO: FERRAMENTAS PARA REPENSAR E MELLORAR O PROXECTO**

O Centro de Emprendemento **A Estación de Vedra** organiza este obradoiro práctico para analizar e mellorar o proxecto ou empresa a través de **ferramentas de autoavaliación sinxelas e visuais**.

Aprenderase a empregar metodoloxías como o **Business Model Canvas** e outras dinámicas para identificar puntos fortes, debilidades e novas oportunidades.

Durante a sesión, traballarase de forma práctica para **deseñar un plan de mellora realista**, que axude a poñer en marcha cambios concretos no negocio.

Esta actividade está pensada para **autónomos, pemes, persoas emprendedoras ou profesionais** que queiran revisar o rumbo do seu proxecto e fortalecer a súa estratexia.

Se queres repensar o teu negocio e saír coa cabeza chea de ideas aplicables, este taller é para ti.

**OLLO!! TODAS AS FORMACIÓNS SON GRATUÍTAS E ABERTAS AO PÚBLICO XERAL!!**

# Centro de Emprendemento “A Estación”

## SOBRE O CENTRO MUNICIPAL DE EMPRENDIMENTO

■ A Estación é o centro municipal de emprendemento e ofrecemos servizos de coworking, asesoramento e dinamización empresarial para Vedra e a súa contorna.

**Coworking.** Dispomos de espazos de traballo con conexión a Internet e ambiente tranquilo para que veñas os días que o necesites. Temos tamén salas de reunión e sala polivalente para que poidas recibir as túas visitas, facer presentacións dos teus servizos e produtos, etc.

**Apoio ao emprendemento.** Se tes unha idea de negocio ou algún proxecto dispoñemos tamén dun servizo de asesoramento individualizado e especializado de apoio.

**Networking.** Axudámosche a ampliar a túa rede de contactos tanto local como a través da Rede Provincial de Espazos de Traballo na que estamos integrados.

**Como darse de alta?** O proceso de alta é moi sinxelo e nós encargámonos de todo. A taxa ordinaria é de 10 € ao mes e aínda terás acceso a algunha bonificación en base á túa situación concreta. Se só necesitas facer un uso puntual fala con nós e dirémosche como facelo.

**Atención ás persoas interesadas:** O noso horario de atención son os martes e os xoves de 10:00 a 14:00 h. e o resto da semana con cita previa que podes solicitar no correo [aestacion@concellodevedra.gal](mailto:aestacion@concellodevedra.gal).

## Deporte

### ETAPA DE SENDEIRISMO O SÁBADO 15 DE NOVIEMBRE

■ **Percorrido:** Dende Ponte Caldelas ata Carballedo. **Lugares e horarios de recollida** do servizo de autobús:

- Saída de Mosqueiro ás 07:30 h.
- Parada en Lestedo ás 07:40 h.
- Parada no Breixo ás 07:45 h.
- Parada no Hipercor ás 07:55 h.
- Última parada na Escola de Música de Santiago ás 08:00 h.

Infórmate e inscíbete antes do 10 de novembro no teléfono 981 814 691.



## Medio Ambiente

### APÚNTATE Á COMPOSTAXE DOMÉSTICA

■ O Concello de Vedra dálles a oportunidade a todos os fogares do municipio para que poidan realizar unha compostaxe de calidade. Para iso, só tes que solicitar gratuitamente o teu composteiro mandando un correo a [residuoskmcero@concellodevedra.gal](mailto:residuoskmcero@concellodevedra.gal) cos teus datos: nome completo, enderezo, dni, teléfono e correo electrónico.

E se xa fas compostaxe, podes recibir asesoramento a través do teléfono da compostaxe (dispoñible de luns a venres de 16:00 a 20:00 h.).



Agora mesmo xa son máis de 400 familias as que fan compostaxe doméstica no noso municipio, impedindo deste xeito que os residuos orgánicos xerados en Vedra percorran longas distancias,

evitando a emisión de gases contaminantes á atmosfera e axudando na loita contra o cambio climático ao tempo que contribúen a mellorar a calidade dos nosos solos retornando a materia orgánica ao chan en forma de compost. **Apúntate á compostaxe e fai de Vedra un concello con RESIDUOS KMCERO.**





## INFORMACIÓN XERAL DOS SERVIZOS SOCIAIS DE VEDRA

• **Atención ao público:** Os luns, xoves e venres de 9:00 a 14:00 horas.

• **Cita previa:** Chamando ao teléfono 981 814 693 NON É IMPRESCINDIBLE, pero facilitará unha mellor organización e atención, polo que é recomendable.

### ■ VALORACIÓN, ORIENTACIÓN E ASESORAMENTO EN MATERIA SOCIAL:

Realízase de forma ininterrompida ao longo do ano de forma presencial e telefonicamente. Inclúe tarefas diversas como:

1. Información, orientación e asesoramento.
2. Xestión e tramitación de expedientes.

### ■ SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR:

É un servizo público de carácter local e básico que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

Existen dúas modalidades de acceso:

1. Dependencia (SAAD): persoas que tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención (PIA).

2. Libre concorrência: persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, logo da prescrición técnica do profesional de referencia.

### ■ SERVIZO DE EDUCACIÓN DE APOIO FAMILIAR:

Integra un conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psicosocial dirixidos ás familias, co obxectivo de previr e superar as situacións de dificultade, especialmente as eventuais situacións de maltrato infantil ou calquera outra desprotección, así como promover procesos de cambio que favorezan un adecuado exercicio das responsabilidades familiares, a mellora da autonomía, da integración e da participación social das familias e unidades de convivencia.

### ■ PROGRAMA BÁSICO DE INSERCIÓN SOCIAL:


Este programa procura valorar, dar resposta ou derivar ao recurso máis idóneo ás persoas en situación ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas. Require en todo caso valoración técnica da idoneidade e necesidade. As axudas poden ser dos seguintes tipos:

1. Necesidades básicas de alimento e vestimenta.
2. Gastos derivados da atención sanitaria non cubertos pola Seguridade Social.
3. Accesibilidade e mantemento da habitabilidade.
4. Outra tipoloxía.

### ■ PROGRAMA DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA:

A través da escola infantil municipal, que admite menores entre os 3 meses e os 3 anos de idade. Conta con 4 aulas e está xestionado de forma indirecta a través dun contrato de servizos.

O prazo ordinario de inscrición realízase cada ano entre o 16 e o 31 de marzo. As solicitudes presentadas fóra desas datas só son atendidas nos casos previstos no regulamento da EIM.



Deputación  
DA CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE DERECHOS SOCIALES  
Y AGENDA 2030

## ACTIVIDADES DA TERCEIRA IDADE

### ■ Magosto e baile

Venres 14 de novembro ás 19:00 h.

Actuación musical de Marietta.

### ■ Circuito Termal nas Termas de Outariz

Mércores 19 de novembro.

Prezo: 35 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas).

**Programa:** pola mañá tratamento termal, xantar e regreso. (O prazo de inscrición ábrese o 3 de novembro ás 17:00 h. no Centro Social. As prazas e número de asento adxudicaranse por rigorosa orde de inscrición).

### ■ Bingo

Xoves 20 de novembro ás 20:00 h.



### ■ Escola de Saúde: "Comer con sentidiño" (educación alimentaria e saúde nutricional)

Xoves 27 de novembro ás 20:00 h.

Imparte: Allyson Monzón (Nutricionista)

### ■ Circuito Termal nas Termas de Outariz

Mércores 10 de decembro.

Prezo: 35 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas).

**Programa:** pola mañá tratamento termal, xantar e regreso. (O prazo de inscrición ábrese o 1 de decembro ás 17:00 h. no Centro Social. As prazas e número de asento adxudicaranse por rigorosa orde de inscrición).

## Programación Muller polo 25N

### PROGRAMACIÓN ACTIVIDADES 25N 2025 CONCELLO DE VEDRA

■ O obxectivo desta ampla e diversa programación é loitar contra a violencia de xénero.

A través deste conxunto de actividades, trataremos de sensibilizar á sociedade para acabar coa secuela da violencia de xénero. Encadradas nas **Xornada pola igualdade e contra as violencias machistas** sobre violencia de xénero do mes de novembro do 2025 desenvolveranse as seguintes actuacións:

#### CAMPAÑA PUNTO LILA NA MIÑA XANELA

■ Di non á violencia machista e coloca o teu punto lila na túa xanela! Poderalo solicitar no Concello, centros educativos, centro de saúde, Ludoteca... dende o 13 de novembro ata final de mes.

Trátase de visibilizar que dende o noso concello, as nosas casas, os nosos centros de traballo, empresas, reivindicámonos en contra da violencia de xénero e logo... envíanos a foto da túa xanela!! ao correo carmen.sabio@concellodevedra.gal.



**A FOTO DA XANELA CON MÁIS VISIBILIDADE E ORIXINAL LEVA PREMIO!!**

Continúa na páxina 10



## ESPECTÁCULO TEATRAL GOLPES: 14 DE NOVIEMBRE

■ Pamela é unha moza que vén de sufrir violencia machista. Pamela expón como foi entrando, nese círculo, e cuestiona como en España todo segue a ser desigual para homes e mulleres.

Pamela recibiu moitos GOLPES, pero o máis grande foi verse a si mesma mudada noutra persoa, por iso quere compartir as súas experiencias vitais, para que ningunha outra muller pase por onde foi golpeada. GOLPES é a vida de Pamela, unha rapaza que nos conta a súa vida, os seus sonhos, como era romántica, que aprendeu dunha relación que non debeu vivir. Tratando e previndo a desigualdade dende onde nacen as relacións (a adolescencia). GOLPES é un espectáculo directo, próximo, que xoga co impacto directo da posta en escena, sen trucos dramatúrxicos ou de escenografía. Apoiada só no “savoir faire” da actriz, quen incorpora múltiples personaxes diante dos nosos ollos.

Aberta ao público xeral, **o venres 14 de novembro** na Casa da Cultura de Sta. Cruz de Ribadulla ás 20:00 h. **Entrada de balde.**

## ATRAVESEMOS A PORTA VIOLETA

■ Instalaremos unha porta violeta a xeito de photocall para que as persoas que queiran atravesala violencia participen. Estará instalada na semana do 17 de novembro ao 24 de novembro no CPI de Vedra e no Concello o propio día 25N.

## PROPOSTA FORMATIVA: OBRADOIRO “AS TOLAS QUE NON O ERAN”

- **Duración:** 2 horas.
- **Dinámica:** práctica, traballando con correspondencia e expedientes reais do Manicomio de Conxo.

### Contidos:

- Introducción: a psiquiatría como ferramenta de control feminino dende o século XIX.
- Creando un perfil das mulleres internas en Conxo, o gran psiquiátrico galego ata mediados do século XX: que características tiñan en común?
- Tolas ou rebeldes? Analizando os elementos de “rebeldía” presentes nos seus expedientes.
- A correspondencia como xeito de achegarnos á memoria destas mulleres máis aló da medicina convencional.
- Paralelismos entre a perspectiva da saúde mental nas mulleres no século pasado e a actualidade.

dra. Dirixido ao alumnado de 4ª da ESO. De 10:00 a 12:00 h. no Centro Social.

## O LIBRO VIOLETA DO 25N DO CONCELLO DE VEDRA INSTALACIÓN DUN PUNTO VIOLETA “A TÚA IGUALDADE TEN PREMIO, ROMPE O CICLO DA VIOLENCIA”

■ Será un punto de atención cidadá co obxectivo de sensibilizar e informar á cidadanía dos recursos e servizos dispoñibles contra a violencia de xénero, e construír o noso libro en contra da violencia de xénero. Na caseta estará **o libro violeta do 25N do Concello de Vedra**. Estará instalado no Concello durante o día 25 de 10.00a 15.00 horas e de 17.00 a 19.00 horas. Todas aquelas persoas que participen levarán un agasallo!!

### TELÉFONOS E SERVIZOS A DISPOSICIÓN DAS MULLERES EN VEDRA:

#### O TELÉFONO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE VEDRA:

- 981 814 693 de luns a venres de 8:00 a 15:00 h.

#### O CIM (CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER)

- Atención Xurídica os venres de 8:00 a 15:00 h.
- Atención psicolóxica os martes de 10:00 a 13:00 h.

Infórmate tamén no teléfono 981 814 693.

### OUTROS TELÉFONOS DE INTERESE A DISPOSICIÓN DAS MULLERES:

#### TELÉFONO 016 - 016 online

O Ministerio de Igualdade, por medio da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero, presta o servizo telefónico de información, de asesoramento xurídico e de atención psicosocial inmediata por persoal especializado a todas as formas de violencia contra as mulleres, a través do número telefónico de marcación abreviada 016; por WhatsApp no número 600 000 016 e por correo electrónico ao servizo 016 online: 016-online@igualdad.gob.es.

#### O TELÉFONO DA MULLER: 900 400 273

É un servizo gratuito e anónimo que funciona as 24 horas do día, desde calquera teléfono fixo ou móbil, e con cobertura para toda a Comunidade Autónoma. Responde nel un equipo multidisciplinar coordinado con diferentes profesionais de toda Galicia.



Concello  
de Vedra



ÁREA DE MULLER E IGUALDADE  
Concello de Vedra



Pacto de Estado  
contra a violencia de xénero

## E NA LUDOTECA DURANTE O MES DE NOVEMBRO...

■ **CONTACONTOS BAIXO O TÍTULO EU CONTO, TI CONTAS, HISTORIAS PARA A IGUALDADE.**

■ **PASEOS EN VIOLETA**, que ten como obxectivo realizar un paseo guiado. Xincana sinxela para ir descubriendo mulleres referentes visibilizando as historias das mulleres que están presentes na nosa vida cotiá.

■ **TALLER QUÉREME, NON ME FIRAS.** Visualizar a través de situacións inspiradas en noticias e acontecementos sociais, culturais e políticos, esa realidade coa que vivimos día a día e sobre a que temos moito que facer e dicir.



XUNTA DE GALICIA



CORRESPONSABLES



Concello de Vedra

## Iniciativa das Asociacións

### A ASOCIACIÓN O BURGO DE VEDRA

■ Domingo, 16 de novembro, churrascada e magosto, con baile no Multiusos de Trobe.

• INSCRICIÓNS antes do 10 de novembro no teléfono 639 811 666.



### COMISIÓN DE FESTAS DE VILANOVA

SAN PEDRO DE VILANOVA  
VEDRA

# MAGOSTO

SÁBADO 8 DE NOVEMBRO  
Ás 21 horas en Picón

**MENÚ:**  
Castañas asadas.  
Churrasco,  
con patacas e ensalada.  
Postre e Café.  
Bebidas:  
(viño, refrescos e auga)

**PREZOS:**  
• Persoas adultas: 20 €  
• De 8 a 12 anos: 10 €  
• Menores de 8 anos: GRATIS

CONFIRMAR ASISTENCIAS  
ANTES DO 5 DE NOVEMBRO  
669915276 (LOBATO) / 666754 350 (SILVIA)

### AAWW DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA NOVEMBRO... MES DE TEATRO!!

**TEMPO DE TEATRO**

CASA DE CULTURA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA

**DOMINGO 2 DE NOVEMBRO ÁS 18:00 H.**  
**ASUNTOS ESCUROS**  
ASOCIACIÓN DE MAIORES DE BOQUEIXÓN

**VENRES 14 DE NOVEMBRO ÁS 20:00 H.**  
**GOLPES** PEZA CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA  
CON ESTÍBALIZ VEIGA (AANTENA)

**DOMINGO 23 DE NOVEMBRO ÁS 18:00 H.**  
**O LATRICAR DE VEDRA**  
GRUPO DE TEATRO DE MAIORES DO CENTRO SOCIAL DE VEDRA

ORGANIZA: AAVV SANTA CRUZ DE RIBADULLA



## ASOCIACIÓN CULTURAL PAPAVENTOS

**CIRCUÍTO GALEGO DE TEATRO AMADOR**  
CENTRO SOCIAL DE VEDRA  
ENTRADA 3 EUROS

08 DE NOVIEMBRE ÁS 19.30 HORAS  
**@S VELL@S NON DEBEN NAMORARSE**  
REBULDEIRA TEATRO

09 DE NOVIEMBRE ÁS 17.30 HORAS  
**HEROES EN DECEMBRO**  
ABRAN PASO TEATRO

15 DE NOVIEMBRE ÁS 19.30 HORAS  
**CLOWNOEDIPUS**  
FALCATRUEROS TEATRO

16 DE NOVIEMBRE ÁS 17.30 HORAS  
**AS LARANXAS AO NOSO XEITO**  
XS PAPAVENTIRXS

NOVIEMBRE 2025

**30 DE NOVIEMBRE 2025  
17:30H CENTRO SOCIAL DE VEDRA**

A COVA DAS LETRAS PRESENTA

*Costureirina bonita*  
DE CRIS COLLAZO

PÚBLICO FAMILIAR  
ENTRADA: 3€  
GRATUITA PARA MENORES DE 12 ANOS

ALFA

ORGANIZA:

## A ASOCIACIÓN CULTURAL PAPAVENTOS E A ASOCIACIÓN RAICEIROS “VIDAS MIGRANTES” 2025 ANO CASTELAO

**2025 ANO CASTELAO**

**Vidas migrantes**

11:00 h. Roteiro histórico:  
“As raíces de Castelao en Vedra”  
Henrique Neira Pereira  
Antonio Vázquez Turnes

Punto de encontro: Campo da Festa de Trobe

12:30 h. Conferencia:  
“O legado de Castelao”  
Miguel Anxo Seixas Seoane  
Presidente da Fundación Castelao, e autor da biografía “Castelao Construtor da Nación”

Local social da Casa da Fábrica de Trobe

13:15 h. Sesión vermú con música tradicional

Exposición: “Cousas de Castelao”

Colaboran:  
FUNDACIÓN CASTELAO

Organizan:  
Concello de Vedra  
Asociación Cultural Papeventos  
Asociación de Festexos VIRXE DO CARME DE TROBE  
raiceiros.org

**23/novembro**  
Trobe (Vedra)



## EN VEDRA XA COMEZAMOS A ORGANIZAR O NADAL!

■ Se pertences a algunha asociación ou coñeces algunha iniciativa para estas datas que poida ser de interese xeral, non dubides en comunicarte con nós para incluír a vosa proposta na axenda de Nadal que publicaremos no número de decembro do boletín e por suposto nas redes sociais.

## CONCURSO DE TARXETAS DE NADAL 2025

- Chega de novo a Vedra esta ocasión para dar visibilidade, festexar e felicitar o Nadal.
- Bases na web municipal.
  - Infórmate na propia web ou no departamento de cultura.
  - Prazo de participación aberto ata o 5 de decembro.

DATE DE ALTA NO SERVIZO DE NOVAS!! Así terás a toda a información de interese máis rápida e comodamente!  
SÓ TES QUE GARDAR O TELÉFONO 663 893 398 e enviarlle un whatsapp co texto: ALTA EN NOVAS